



**Facultade de Ciencias Económicas e
Empresariais**

**Departamento de Fundamentos da
Análise Económica**

GUÍA DOCENTE DE MICROECONOMÍA I

PRIMEIRO CURSO DO GRAO DE ADE

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

Profesores da materia:

Manel Antelo Suárez (Grupos E1, E3, I1, I2 e I3)

Rafael Trelles González (Grupos E2, I4, I5, I6, I7, I8 e I9)

Contido desta guía docente

| | |
|--|----|
| 1. Norma sobre os teléfonos móbiles, os portátiles e as tablets..... | 3 |
| 2. Obxectivos da materia..... | 3 |
| 3. Contidos da materia..... | 4 |
| 4. Bibliografía..... | 8 |
| 5. Competencias..... | 8 |
| 6. Metodoloxía da ensinanza..... | 10 |
| 7. Sistema de avaliación da materia..... | 11 |
| 8. Advertencia | 12 |
| 9. Recomendacións para o estudo da materia | 12 |
| 10. Recomendación final | 13 |

1. Norma sobre os teléfonos móbiles, os portátiles e as tablets

Queda **totalmente prohibida** a utilización do teléfono móbil durante ás clases, tanto sexan as clases expositivas como as interactivas.

Se o profesor detecta que un alumno ou alumna está a consultar o móbil, instará a ese alumno ou alumna a abandonar a aula.

Se o alumno ou alumna se nega a deixar a aula, o profesor pediralle que se identifique para notificar de inmediato esta incidencia ao Decanato quen, posteriormente, a comunicará á Secretaría Xeral da Universidade para que adopte as medidas disciplinarias pertinentes.

Os portátiles e tablets só poderán ser utilizados na aula por motivos estritamente académicos da materia. A utilización por calquera outro motivo queda totalmente prohibida e, polo tanto, suxeita ás mesmas normas que as sinaladas para os teléfonos móbiles.

2. Obxectivos da materia

O propósito do curso de Microeconomía I é analizar a xénese dos mercados e como funcionan dito mercado cando, en particular, son de tipo competitivo. Para facer esta análise, é preciso estudar como xorde a demanda e como xorde a oferta que, conxuntamente, definen o mercado de calquera produto. Polo tanto, unha parte do curso estará dedicada a estudar como as decisións de consumo que a cotío toman os fogares determinan a demanda, e outra a estudar como o comportamento das empresas á hora de producir é o que está deterás da oferta. Estas decisións individuais, cos axentes económicos adoitan con criterios de racionalidade e obxectivos ben definidos, son as que dan orixe ao mercado de cada produto no que se determina o prezo (de equilibrio). E, a súa vez, este prezo serve como mecanismo coordinador das decisións de consumo e produción individuais, de xeito que tanto os consumidores como as empresas acadan os seus respectivos obxectivos e asignan de forma óptima os recursos dos que dispoñen. A comprensión destas cuestións permite analizar tamén, e de xeito rigoroso, o impacto que diferentes políticas públicas de carácter económico (impostos, subsidios, controis de prezos, etcétera) teñen sobre as decisións de consumo e de produción.

3. Contidos da materia

O contido principal da materia de Microeconomía I xira ao redor dos axentes económicos —consumidores e produtores— e a análise do seu comportamento, os seus procesos de toma de decisións baseados na información que obteñen ao observar os prezos dos factores produtivos e dos prezos dos produtos finais, así como a coordinación desas decisións por medio do mecanismo de mercado. Na primeira parte preséntase a teoría do consumidor e nela o alumnado debe entender e dominar os conceptos e intuicións que están detrás da formalización da teoría do consumo. Establécense os fundamentos da teoría (conxunto de elección, preferencias, utilidade, elección óptima e demanda), formalizando os gustos individuais, as restricións ás que está sometido cada axente económico no seu rol de consumidor, a decisión adoptada en función dos parámetros relevantes e o cambio das decisións fronte a cambios nas condicións da contorna. Dáse a coñecer ao alumnado cada unha destas cuestións ilustrándoas con exemplos de diferentes tipos de bens, que son a motivación de diferentes clases de preferencias, e mostrando a intuición dos resultados obtidos. Tamén se desenvolven contidos moi útiles á hora de abordar as diferentes aplicacións da teoría do consumo a problemas máis específicos, nomeadamente as medidas de benestar, a ecuación de Slutsky e os índices de prezos. É importante a comprensión destes conceptos, e outros relacionados con eles, como o efecto renda e o efecto substitución, que se adoitan utilizar de forma habitual en materias onde se presentan estudos aplicados.

Na segunda parte estúdanse ás decisións que toman os axentes produtores da economía baixo tres tipos de restricións: (i) restricións tecnolóxicas (función de produción), (ii) restricións económicas (custos) e (iii) restricións do mercado (estrutura de mercado). Aquí descríbense as restricións tecnolóxicas que explican o uq eestá detrás dos procesos produtivos a través dos conceptos de función de produción e curva isocuanta, xunto coa idea de produtividade dos factores de produción e rendementos a escala. De seguido, tamén se analizan os problemas de minimización de custos da empresa e maximización de beneficios (no caso particular no que se supón que a empresa en cuestión toma como dados tanto os prezos aos que merca os factores produtivos como o prezo ao que vende o output que produce con eles).

Por último, estúdase o comportamento do mercado, é dicir, a interacción da demanda e da oferta, tanto a curto como a longo prazo, nun marco de competencia perfecta.

Os tópicos que se van desenvolver ao longo do curso son os que se listan a continuación de forma detallada. Como se pode ver na mencionada lista, ofrécese información específica sobre os contidos de cada un dos capítulos que configuran o curso e en que lugar exacto da bibliografía se atopa cada un destes capítulos e cada un dos casos prácticos referenciados. Deste xeito, os contidos de cada capítulo poden ser identificados de forma fácil para un mellor apoio e orientación de cara ao traballo individual e grupal.

- Capítulo 1. A restrición presupostaria dos consumidores (1 E + 1 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 1 (pp. 21-25) Antelo (2022) - Capítulo 1 (pp. 25-35) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 1 (pp. 25-64) Estudo de caso 1.1 (pp. 25-26), Estudo de caso 1.2 (pp. 26-29), Estudo de caso 1.3 (pp. 29-31), Estudo de caso 1.7 (pp. 36-37), Estudo de caso 1.18 (pp. 52-54) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 1 (pp. 35-76) Práctica 1.1 (pp. 30-31), Práctica 1.2 (pp. 31-35), Práctica 1.3 (pp. 35-37), Práctica 1.7 (pp. 44-46), Práctica 1.18 (pp. 64-66) |

- Capítulo 2. As preferencias dos consumidores e a súa representación numérica (1 E + 1 I)

| | |
|----------|--|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 2 (pp. 65-89). Antelo (2022) - Capítulo 2 (pp. 77-106) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 2 (pp. 90-114) Estudo de caso 2.1 (pp. 90-92), Estudo de caso 2.4 (p. 95), Estudo de caso 2.5 (pp. 95-96), Estudo de caso 2.6 (p. 96), Estudo de caso 2.7 (pp. 97-100), Estudo de caso 2.8 (pp. 100-101), Estudo de caso 2.10 (pp. 101-102). |
| | Antelo (2022): Capítulo 2 (pp. 107-136) Práctica 2.1 (pp. 107-110), Práctica 2.4 (pp. 113-114), Práctica 2.5 (p. 11), Práctica 2.6 (pp. 114-115), Práctica 2.7 (pp. 115-119), Práctica 2.8 (pp. 119-120), Práctica 2.10 (pp. 121-122) |

- Capítulo 3. Como elixen os consumidores (3 E + 2 I)

| | |
|----------|--|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 3 (pp. 115-129) Antelo (2022) - Capítulo 3 (pp. 137-154) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 3 (pp. 129-166) Estudo de caso 3.1 (pp. 129-135), Estudo de caso 3.2 (pp. 135-137), Estudo de caso 3.3 (pp. 137-139), Estudo de caso 3.5 (pp. 143-144), Estudo de caso 3.11 (pp. 153-154), Estudo de caso 3.16 (pp. 161-162) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 3 (pp. 155-198) Práctica 3.1 (pp. 155-161), Práctica 3.2 (pp. 162-164), Práctica 3.3 (pp. 164-166), Práctica 3.5 (p. 172), Práctica 3.11 (pp. 183-184), Práctica 3.16 (193-194) |

- Capítulo 4. Variacións no entorno do consumidor e impacto no equilibrio (2 E + 1 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 4 (pp. 167-171) Antelo (2022) - Capítulo 4 (pp. 199-204) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 4 (pp. 171-210) Estudo de caso 4.1 (pp. 171-172), Estudo de caso 4.4 (pp. 175-176), Estudo de caso 4.5 (pp. 176-177), Estudo de caso 4.7 (pp. 179-182), Estudo de caso 4.12 (p.191) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 4 (pp. 204-252) Práctica 4.1 (pp. 204-205), Práctica 4.4 (pp. 209-210), Práctica 4.5 (p. 210), Práctica 4.7 (pp. 213-217), Práctica 4.12 (pp.228-229) |

- Capítulo 5. Medindo o benestar dos consumidores (1 E + 1 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 5 (pp. 211-223) Antelo (2022) - Capítulo 5 (pp. 253-268) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 5 (pp. 224-242) Estudo de caso 5.1 (pp. 224-227), Estudo de caso 5.3 (pp. 230-232), Estudo de caso 5.7 (pp. 239-240) |
| | Antelo (2022): Capítulo 5 (pp. 268-292) Práctica 5.1 (pp. 268-273), Práctica 5.3 (pp. 276-278), Práctica 5.7 (pp. 287-289) |

- Capítulo 6. A tecnoloxía das empresas e a súa representación (1 E + 1 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 6 (pp. 243-262) Antelo (2022) - Capítulo 6 (pp. 293-316) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 6 (pp. 263-282) Estudo de caso 6.1 (p. 263), Estudo de caso 6.2 (pp. 264-265), Estudo de caso 6.3 (pp. 265-268), Estudo de caso 6.4 (pp. 269-272), Estudo de caso 6.5 (p. 272), Estudo de caso 6.6 (p. 273) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 6 (pp. 317-338) Práctica 6.1 (pp. 317-318), Práctica 6.5 (pp. 327-328), Práctica 6.2 (pp. 318-319), Práctica 6.3 (pp. 319-323), Práctica 6.4 (pp. 324-327), Práctica 6.6 (pp. 328-329). |

- Capítulo 7. Os custos de produción das empresas (3 E + 2 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 7 (pp. 283-292) Antelo (2022) - Capítulo 7 (pp. 339-350) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 7 (pp. 293-330) Estudo de caso 7.2 (pp. 295-298), Estudo de caso 7.6 (pp. 309-311), Estudo de caso 7.11 (pp. 316-318), Estudo de caso 7.12 (pp. 319-320), Estudo de caso 7.13 (pp. 320-321) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 7 (pp. 350-392) Práctica 7.2 (pp. 353-357), Práctica 7.6 (pp. 369-372), Práctica 7.11 (pp. 378-381), Práctica 7.12 (pp. 381-383), Práctica 7.13 (pp. 383-384). |

- Capítulo 8. Mercado de competencia perfecta e eficiencia (2 E + 2 I)

| | |
|----------|---|
| Teoría | Antelo (2021) - Capítulo 8 (pp. 331-346) Antelo (2022) - Capítulo 8 (pp. 393-412) |
| Práctica | Antelo (2021) - Capítulo 8 (pp. 346-394) Estudo de caso 8.1 (pp. 346-347), Estudo de caso 8.2 (pp. 348-349), Estudo de caso 8.4 (pp. 352-354), Estudo de caso 8.8 (pp. 361-364), Estudo de caso 8.17 (pp. 379-380) |
| | Antelo (2022) - Capítulo 8 (pp. 412-468) Práctica 8.1 (pp. 412-413), Práctica 8.2 (pp. 414-415), Práctica 8.4 (pp. 419-421), Práctica 8.8 (pp. 429-432), Práctica 8.17 (pp. 449-451) |

Importante: Os exercicios e casos de estudo que, na lista anterior, aparecen detallados en cada un dos capítulos como “estudo de caso” e “práctica” (e que coinciden en calquera das dúas referencias bibliográficas indicadas) son os **estritamente esixibles** en calquera das probas e exames que se fagan ao longo do curso.

O resto dos exercicios que forman parte de cada un dos dous libros (e que non aparecen sinalados expresamente no listado anterior) non entrarán en ningunha das probas de avaliación que se poidan facer.

4. Bibliografía

Para seguir as clases expositivas e interactivas:

- Antelo, M. (2021), *Curso práctico de microeconomía intermedia. Segunda edición revisada e ampliada*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC. (ISBN: 978-84-18445-64-4.)

ou

- Antelo, M. (2022), *La génesis de los mercados. Teoría y práctica*, Madrid: Pirámide. (ISBN: 978-84-36847-39-0.)

Como banco de cuestións tipo test e complemento para a teoría:

- Reboredo, J.C. (2017), *Microeconomía: Teoría y cuestiones tipo test*, Madrid: Pirámide. (ISBN: 978-84-368-3720-9.)

Outra bibliografía complementaria:

- Varian, H. (2015), *Microeconomía intermedia* (9ª ed.), Barcelona: A. Bosch. (ISBN: 978-84-941076-3-4.)

5. Competencias

- Competencias específicas:

A1 – Comprender as implicacións da escaseza e a asignación de recursos, o sistema de prezos, a teoría do consumo e a produción, o equilibrio competitivo e a eficiencia económica.

D7 – Comprender que hai detrás da oferta e a demanda co uso de ferramentas formais e gráficas para representar os modelos correspondentes.

- Competencias básicas e xerais:

CB1 - Que o alumnado adquira coñecementos nunha área de estudo que utiliza basicamente ferramentas matemáticas da educación secundaria xeral.

CB2 – Que saiba aplicar de forma profesional o conxunto de coñecementos adquiridos e posúa as habilidades que habitualmente se demostran resolvendo problemas numéricos e interpretando en termos económicos os resultados obtidos.

CB3 - Que teña a capacidade de recompilar e interpretar datos relevantes (de carácter microeconómico) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre cuestións económicas, sociais e/o éticas relevantes.

CB4 – Que teña a capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións a audiencias, tanto especializadas como non especializadas.

CB5 – Que desenvolva as habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

CG1 – Adquirir os coñecementos que definen á Administración e Dirección de Empresas como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, historia, métodos, técnicas e áreas de aplicación, a un nivel que estea avalado polas publicacións máis avanzadas e inclúa algúns dos aspectos máis relevantes que están á vangarda do coñecemento neste campo.

CG2 – Que saiba desenvolver e defender argumentos sobre cuestións económicas a nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións, facendo uso do seu coñecemento da realidade empresarial e as teorías, modelos e métodos científicos propios.

- Competencias transversais:

CT1 – Análise e síntese.

CT3 – Comunicación oral e escrita.

CT4 – Xestión da información.

CT5 – Coñecemento das tecnoloxías da información relacionadas co campo de estudo.

CT6 – Resolución de problemas.

CT7 – Toma de decisións.

CT8 – Razoamento crítico.

CT9 – Autonomía na aprendizaxe.

CT10 – Traballo en equipo.

CT11 – Traballar nun equipo interdisciplinario.

CT12 – Habilidades nas relacións interpersoais.

CT13 – Sentido ético.

CT14 – Adaptación ao medio e ao cambio.

CT15 – Coñecemento doutras culturas e costumes, e traballo nun contexto internacional.

CT16 – Sensibilidade aos problemas sociais e ambientais.

CT17 – Negociación e manexo de conflitos.

CT18 – Iniciativa e espírito emprendedor.

CT19 – Creatividade e capacidade innovadora

CT20 – Dirección por obxectivos

CT21 – Xestión de proxectos

CT22 – Desenvolvemento da calidade

CT23 – Estimulación intelectual

Os/as estudantes deben ter suficientes coñecementos básicos dos conceptos relacionados co consumo (para comprender de onde xorde a demanda de calquera produto), a produción (para comprender de onde provén a oferta de calquera produto) e o funcionamento dos mercados competitivos a nivel microeconómico (para entender a dinámica destes mercados e as súas propiedades de benestar). En particular, debe ser capaz de analizar o comportamento do consumidor segundo a análise da utilidade ordinal, dominando os conceptos de utilidade, utilidade marxinal, relación marxinal de substitución e maximización da utilidade, e deducir a curva de demanda individual e de mercado. Así mesmo, debe coñecer a representación da tecnoloxía dunha determinada empresa e os principios que caracterizan dita tecnoloxía, tanto a curto como a longo prazo. Neste caso, ha de comprender e ser capaz de aplicar os conceptos de rendementos factoriais, rendementos a escala, e relacionalos cos conceptos de custo a curto e longo prazos. Finalmente, o alumnado debe ser capaz de comprender como funciona un mercado cando, en particular, ten estrutura de competencia perfecta e, polo tanto, os consumidores e produtores que operan nel toman como dados os prezos dos inputs e dos bens finais. O obxectivo final é que ao finalizar o curso o alumnado teña adquirido a capacidade analítica suficiente para relacionar os modelos abstractos estudados na materia con situacións reais, identificando problemas e propoñendo posibles solucións tratando de explicar os efectos de posibles medidas de política económica.

6. Metodoloxía da ensinanza da materia

As aulas expositivas consistirán en clases impartidas polo profesor nas que se desenvolverán os contidos dos libros sinalados na bibliografía recomendada, tanto os contidos relativos ao desenvolvemento da teoría como aos exercicios de carácter práctico. Nestas clases farase uso de ferramentas matemáticas e gráficas de análise económica, coas que desenvolver habilidades analíticas que, posteriormente, o alumnado terá que poñer en práctica nas aulas interactivas en grupos reducidos e, así

mesmo, no tempo dedicado a traballar de xeito autónomo.

As clases interactivas en grupo reducido estarán dirixidas a que o alumnado sexa protagonista na posta en práctica dos coñecementos e habilidades adquiridas nas clases expositivas. Neste caso, resólvense algúns dos exercicios indicados na lista anterior (ou todos eles, se fose posible). Estas sesións serven para que o alumnado repase os coñecementos adquiridos nas aulas expositivas e lle permiten a interacción crítica e a discusión das dúbidas que teña sobre os conceptos, o método e as técnicas de análise presentadas nas clases expositivas. Os contidos desenvolvidos nas clases expositivas e interactivas serán obxecto de avaliación segundo o indicado de xeito específico no apartado 7 desta guía. Os resultados de dita avaliación configurarán a cualificación da chamada avaliación continua.

7. Sistema de avaliación da materia

A avaliación da materia terá en conta todas as actividades que se deben realizar ao longo do cuadrimestre, considerando os diversos aspectos da adquisición das competencias ás que contribúe esta materia e outros como a claridade e capacidade expositiva do alumnado, o dominio da terminoloxía propia da materia e a participación activa ao longo do curso. Todas as competencias sinaladas, fóra da CT5, avaliaranse no exame final. A avaliación continua avalía as competencias transversais CT5, CT6, CT7 e CT8 e as competencias específicas A1 e D7.

O sistema de avaliación da aprendizaxe e dos coñecementos constará de dúas partes:

1. A avaliación continua, a través da realización de **dúas probas escritas ao longo do curso e relacionadas cos contidos desenvolvidos nas clases expositivas e interactivas**. Cada proba terá un valor máximo de 1,5 puntos (e entre as dúas suporán o 30% da cualificación final da materia).

2. **Un exame final escrito** a realizar nas datas oficiais propostas polo centro. Este exame representará o 70% da cualificación final da materia e constará de dous apartados:

- Test: 20 preguntas con resposta única ou múltiple. Cada pregunta correctamente contestada terá un valor de 0,20 puntos, mentres que se non é contestada correctamente puntuará 0. Polo tanto, esta parte terá un valor de 4 puntos.

No caso de que un alumno ou alumna acade menos de 2 puntos nesta parte (é dicir, no caso de responder correctamente menos de 10 preguntas), a segunda parte do exame, é dicir, a parte á que fai referencia o seguinte parágrafo, non se terá en conta. Polo tanto, a súa cualificación final da materia será a que teña acadado na parte da avaliación continua.

- Exercicios: Dous exercicios numéricos da lista de exercicios especificada nesta guía. Cada exercicio terá un valor de 3 puntos e, polo tanto, os dous sumarán 6 puntos. Para que cada exercicio sexa valorado con toda a súa puntuación é preciso que apareza ben resolto e se engada unha explicación da resolución e dos resultados obtidos.

A “nota final da materia” será a suma da nota acadada no exame final (cun valor máximo de 7 puntos) e a nota obtida na avaliación continua (cun valor máximo de 3 puntos), é dicir,

| |
|--|
| $\text{“Nota final da materia”} = \text{Nota da avaliación continua (sobre un máximo de 3 puntos)} + \text{Nota do exame final (sobre un máximo de 7 puntos)}$ |
|--|

O sistema de avaliación descrito será de aplicación nas dúas convocatorias do curso académico 2023-2024, é dicir, tanto na convocatoria denominada “primeira edición” como na convocatoria coñecida como “segunda edición”.

Seguindo a normativa oficial (DOG Núm. 136 do 17 de xullo de 2012), a cualificación dunha convocatoria na que un alumno ou alumna non faga o exame final será de non presentado/a, con independencia da nota que teña acadada na parte da avaliación continua. Se se presenta ao exame final, pero a “nota final da materia” que obtén está por debaixo de 5,0 puntos, a cualificación será de suspenso.

O sistema de avaliación para o alumnado repetidor será o indicado nos parágrafos anteriores.

O alumnado ao que lle sexa concedida dispensa de asistencia a clase, seguindo a instrución Nº 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias, será avaliado co exame final. Este exame suporá o 100% da súa cualificación.

8. Advertencia

En caso de plaxio ou uso indebido de tecnoloxías na realización de tarefas ou probas realizadas ao longo do curso será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

No caso no que se produza a realización fraudulenta de exercicios, probas ou exames escritos será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

9. Recomendacións para o estudo da materia

A materia de Microeconomía I caracterízase polo seu contido analítico e conceptual. Polo tanto, para o seu seguimento, é preciso o manexo dun número elevado de conceptos dentro dunha serie de modelos matemáticos consistentes en sistemas de ecuacións. Non é preciso o dominio de técnicas matemáticas avanzadas, pero si a plena comprensión de técnicas matemáticas básicas (por exemplo, que é, e como se representa, unha función dunha ou varias variables, como se deriva parcial e totalmente unha función, como se determina o máximo ou o mínimo dunha función con

unha ou varias restricións, como se resolve un sistema de ecuacións, etcétera). É frecuente que algúns alumnos e alumnas se atopen con dificultades na comprensión da materia polo grao de abstracción e razoamento lóxico que require, pero sobre todo pola dificultade que teñen para entender e utilizar as ferramentas básicas ás que nos referimos. Para superar estes atrancos, recoméndase un estudo ordenado e metódico da materia, que posibilite unha aprendizaxe progresiva dos conceptos e técnicas que van aparecendo a medida que se desenvolve a exposición dos diversos capítulos. Mais en particular, é convinte realizar os maiores esforzos de estudo ao comezo do curso, xa que, deste xeito, os problemas poden ser resoltos polo alumnado, coa axuda do profesor, nunha fase temperá. Así, faise posible o avance no coñecemento da materia, que se facilita progresivamente unha vez entendidos os esquemas conceptuais mais básicos que se imparten ao comezo do curso.

Unha valoración estimativa —e, sen dúbida, variable segundo a aptitude e actitude de cada estudante— do tempo de traballo, á marxe do tempo dedicado ás clases expositivas e interactivas, para unha razoable preparación da materia estaría en torno a 90 horas de estudo.

10. Recomendación final

É importante que en todo momento se faga uso desta guía docente.